

BASES REGULADORAS PARA O FINANCIAMENTO E A PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os servizos sociais comunitarios como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema”.

Nos últimos anos, a crise provocada pola pandemia e a subida xeneralizada de prezos, derivada, entre outros factores, da escaseza das fontes de enerxía e dos problemas de transporte e subministracións, tivo consecuencias sociais e económicas que redundan no agravamento de situacións persoais que provocan que os servizos sociais comunitarios se atopen con máis situacións ao límite da exclusión social.

Estas circunstancias empeoran a situación das persoas en risco de exclusión social e reducen a cohesión social, polo que é necesario aplicar medidas de recuperación para facerlle fronte a esta situación.

Deste xeito, de acordo co artigo 39.1 da Constitución española, “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia”. Isto significa que todas as administracións públicas son responsables, dentro das súas competencias, de proporcionarlles ás familias que o necesiten axudas económicas ou servizos para cumprir as súas responsabilidades, atender as súas necesidades básicas e apoialas cando atravesen situacións de especial dificultade.

Neste sentido, os servizos sociais comunitarios teñen un carácter predominantemente local ao estar referidos a un territorio e a unha poboación determinados, e constitúen o punto de acceso normalizado e tamén o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, promove unha nova convocatoria de axudas co obxectivo de proporcionarlles aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión

social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

Desde o punto de vista competencial, é competencia propia das deputacións apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), na que se determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG); no artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG); e no artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes, destinadas a prestar apoio económico para atender as necesidades urxentes das persoas que se atopen en situación ou en risco de exclusión social.

Segunda. Principios reguladores

A xestión desta convocatoria realizarase segundo os seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, non concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos

Terceira. Entidades destinatarias

Serán destinatarios destas subvencións os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionarán as citadas axudas a través dos seus servizos sociais comunitarios.

Non poderán ser beneficiarios destas os concellos que non estean ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social, circunstancias que serán comprobadas nas condicións establecidas na base novena.

No que atinxe ao cumprimento das obrigas coa Facenda provincial estarase ao disposto nos artigos 10.10 e 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no apartado 4 da base 25 das Bases de execución do orzamento, referido á compensación de débedas coas entidades locais.

Cuarta. Requisitos das persoas beneficiarias

Pódense beneficiar das axudas básicas de emerxencia as persoas empadroadas e con residencia efectiva en calquera dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello e que carezan de ingresos suficientes para facerlles fronte aos gastos para os que se solicita a axuda.

Quinta. Contía das axudas e criterios para a dotación económica de cada concello

5.1. As contías destinaranse a gastos correntes e de investimento, segundo se recolle nos capítulos 2 e 6 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

5.2. No **anexo I** destas bases establécense as contías máximas dispoñibles para cada concello, tanto para gasto corrente coma para investimento.

No **anexo II** figuran os rangos de referencia establecidos para a repartición da puntuación e das contías máximas da subvención.

No **anexo III** figuran os indicadores en cifras e a puntuación acadada para cada concello.

A asignación das contías máximas establecidas para cada concello defínese en función da súa poboación, índice de dependencia global, taxa de desemprego e renda dispoñible bruta. Os datos obtivéronse tras consultar as seguintes fontes de verificación:

- Índice de dependencia global: Instituto Galego de Estatística (IGE) 2022
- Taxa de desemprego: elaboración propia, en función dos datos extraídos do IGE 2022. O dato ofrecido é o resultado de dividir o número de persoas desempregadas entre a poboación en idade de traballar
- Renda dispoñible bruta: IGE 2020
- Poboación: IGE 2022

Para os efectos destas bases, enténdese por:

- Índice de dependencia global: é o que mide a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (entre 15 e 64 anos)
- Taxa de desemprego: é o cociente entre o número de persoas paradas e o de persoas activas
- Renda dispoñible bruta: é a renda primaria total que reciben os membros dun fogar

5.3. No procedemento de solicitude cada concello poderá indicar a cantidade que considere oportuna en función das súas necesidades (para gasto corrente e investimento), sen superar a contía máxima establecida no anexo I para o seu concello.

Sexta. Conceptos subvencionables

Serán obxecto de subvención os seguintes conceptos:

6.1 Alimentación

Baixo este concepto poden desagregarse dous tipos de axudas:

- As destinadas á compra de alimentos de primeira necesidade, especialmente de perecedoiros (como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social) e de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimentarias prescritas por persoal facultativo (persoas celíacas, diabéticas ou con outras necesidades)
- As destinadas ao pagamento de servizos de restauración. Este suposto queda restrinxido aos casos nos que a persoa usuaria, polas súas circunstancias ou polas da súa contorna, non poida preparar os alimentos por si mesma

Esta axuda ten por obxecto satisfacer as necesidades alimentarias inmediatas da poboación vulnerable, favorecer o consumo local de alimentos nos concellos de menos de 20.000 habitantes e garantir o acceso igualitario ao produto fresco perecedoiro, segundo o obxectivo 2 de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas (ONU).

6.2 Uso da vivenda

Axudas destinadas a posibilitar o acceso a unha vivenda digna e adecuada a parámetros de accesibilidade, eficiencia enerxética, dotación de servizos básicos e hixiene:

- Pagamento de gastos de alugueiro que impidan o desafiuzamento
- Pagamento de hipoteca e/ou cotas ordinarias ou extraordinarias da vivenda en propiedade da persoa solicitante da axuda
- Acondicionamento da habitabilidade da vivenda (accesibilidade, eficiencia enerxética, dotación de servizos básicos e hixiene)
- Mobiliario e enxoval da vivenda (sabás, louza, toallas etc.)
- Estancias temporais en centro residencial ou establecemento hoteleiro, cando non sexa viable outra forma de aloxamento por situacións de emerxencia ou necesidade.

6.3 Pagamento de subministracións básicas

Axudas destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e a paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibos de electricidade, gas, gasóleo, auga, leña, pélets ou equivalentes.

Así mesmo, poderán financiarse recibos de telefonía e internet das persoas usuarias, co obxecto de reducir a fenda dixital e garantir o acceso igualitario á información e ao coñecemento segundo o obxectivo 9 de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 da ONU.

6.4 Pagamento de produtos e servizos de hixiene e limpeza

Axudas destinadas á compra de produtos básicos de uso común para a limpeza da vivenda (lixivia, deterxente para lavalouza e outros) e de produtos de aseo e coidado persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina etc.), tamén para a compra de produtos dirixidos á protección respiratoria e hixiene de mans, coma máscaras e xel hidroalcohólico.

Así mesmo, poderán financiarse gastos derivados da contratación de empresas de servizos de baleirado, limpeza e desinfección de vivendas de persoas usuarias afectadas pola síndrome de Dióxenes ou situacións de similar natureza.

6.5 Pagamento de produtos farmacéuticos

Axudas destinadas ao pagamento de produtos farmacéuticos.

6.6 Adquisición de electrodomésticos básicos

Axudas destinadas á compra de electrodomésticos básicos (lavadora, quentador, cociña, frigorífico, microondas, forno, deshumidificador, estufas de pélets, secadora etc.).

6.7 Pagamento de desprazamentos

Axudas destinadas ao pagamento de desprazamentos para recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio municipio para recibir tratamentos, facer xestións ou participar en actividades que non poidan levarse a cabo no propio concello.

Así mesmo, pagaranse os desprazamentos dentro do propio municipio para realizar xestións ou asistir a actividades relacionadas cos programas de educación familiar, do servizo de axuda no fogar ou de asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio municipio.

6.8 Pagamento da reparación e mantemento de vehículos

Axudas destinadas á reparación e ao mantemento de vehículos, de xeito que lles permitan ás persoas a mobilidade para acceder aos recursos educativos, asistenciais, sanitarios, sociais e/ou ao traballo.

6.9 Pagamento de lentes, lentes de contacto e audiófonos

Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de audiófonos, lentes e lentes de contacto.

6.10 Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía

Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de tratamentos odontolóxicos non financiados polo servizo público de saúde.

6.11 Pagamento de produtos de apoio

Axudas destinadas ao pagamento de produtos de apoio para persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade ou de dependencia.

Enténdese por produto de apoio aquel dispoñible no mercado ou fabricado especialmente para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación: camas articuladas, guindastres, colchóns antiéscaras, cadeiras e barras de ducha ou baño, andadores, soletas ortopédicas etc.

6.12 Atencións de carácter complementario

Axudas destinadas ao pagamento de servizos de carácter complementario para persoas con algunha discapacidade, dependencia ou en situación de dificultade persoal.

Enténdense como atencións de carácter complementario as dirixidas ao tratamento de persoas usuarias que presenten algunha dificultade ou enfermidade dexenerativa e que precisen de

tratamento de fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e/ou psicolóxico. Poderán ser complementarias a aquelas que proporcione a cobertura do seu seguro médico.

6.13 Axudas para adquisición de roupa e calzado

Axudas destinadas á compra de roupa e calzado básico, de primeira necesidade, coa finalidade de promover o proceso de inclusión social das persoas usuarias.

6.14 Axudas de estudo

Axudas dirixidas a persoas que se atopen cursando estudos oficiais en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para adquirir material que non sexa financiado a través de bolsas ou axudas doutras administracións públicas.

Esta axuda ten o obxecto de facilitar a mobilidade socioeconómica ascendente e garantir o acceso igualitario ao coñecemento consonte o obxectivo 4 de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 da ONU.

6.15 Axudas de apoio á infancia

No caso de menores de idade, poderáselles facer fronte aos gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados que posibiliten a continuidade da ou do menor no seu medio familiar e a súa escolarización.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que prevé a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Galego de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA
- Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Deputación de Pontevedra

No caso de que os concellos beneficiarios se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderase solicitarlle ao concello a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).

Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite.

Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle ao Concello, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos; indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

Décimo primeira. Notificacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e no enderezo directo <https://dehu.redsara.es/>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Benestar Social e comprenderá as seguintes fases:

- Tras presentar as solicitudes, o Servizo de Benestar Social estudaraas e comprobaraas
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

A Intervención emitirá un informe de fiscalización de todos os expedientes e do informe-proposta, dirixido ao órgano competente.

A resolución da concesión notificarase de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

Sen prexuízo da obriga de resolver, e de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da LPACAP, transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen que se lles notifique a resolución expresa ás entidades interesadas, estas consideraranse desestimadas por silencio administrativo.

Décimo terceira. Pagamento e xustificación

O pagamento da subvención realizarase tras a completa xustificación da execución do programa, integrada pola seguinte documentación, que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo de xustificación dispoñible en "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

1. Certificación da Secretaría ou da Intervención, segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>, na que consten os datos referidos aos gastos correntes e de investimento das axudas de emerxencia social 2024.
2. Memoria técnica, segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>, elaborada e asinada polo persoal técnico dos servizos sociais comunitarios básicos municipais.
3. Acreditación mediante unha proba documental do cumprimento do compromiso de publicidade da achega provincial segundo a base vixésima.

De non presentarse a certificación da Secretaría ou da Intervención, deberá achegarse, xunto coa memoria técnica e coa acreditación da publicidade, o seguinte:

1. Conta xustificativa dos gastos para cada unha das subvencións concedidas (unha para gasto corrente e outra para investimento) segundo o modelo establecido.
2. Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe das subvencións concedidas acompañados polo documento de aprobación por parte do órgano competente. Cómpre destacar que os gastos correntes e de investimento incluídos nesta convocatoria deben corresponderse con gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios.

No caso de que a contía xustificada sexa inferior ao importe solicitado e recibido, iniciárase o expediente da perda do dereito ao cobramento total ou parcial, no seu caso, ou ao reintegro, segundo proceda, de conformidade co establecido no artigo 90 do Real decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS).

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2025, este incluído.

Excepcionalmente, poderase solicitar unha prórroga antes de rematar o mes de xaneiro. Logo de ser valoradas favorablemente as causas excepcionais que motivan a mencionada solicitude polo Servizo de Benestar Social e pola Intervención, poderá concederse a prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2025.

Se non se achega a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), requiriráselle á entidade beneficiaria a súa presentación no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de xustificación neste prazo excepcional implicará o inicio do expediente da perda da achega da Deputación.

Se o Concello o solicita, poderase realizar o pagamento anticipado do 50 % das axudas aprobadas, sempre que a entidade receptora cumpra as súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e coa Seguridade Social. O 50 % restante librarase tras xustificar a execución completa do programa.

Décimo cuarta. Compatibilidade das axudas

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados; non obstante, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada á persoa beneficiaria. No caso de superar este límite, deberá comunicarse este feito co obxecto de reducir o importe da subvención.

Décimo quinta. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a seiscentos mil oitocentos (600.800,00) euros, dos que trescentos noventa e tres mil cen (393.100,00) euros son para gasto corrente, con cargo á aplicación 24/231.2313.462.00, e douscentos sete mil setecentos (207.700,00) euros para investimento, con cargo á aplicación 24/231.2311.762.00 do Orzamento provincial.

Décimo sexta. Vixencia

Estas bases estarán vixentes ata a finalización da data da xustificación; non obstante, os gastos relativos a esta convocatoria quedarán condicionados ao período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024.

Décimo sétima. Publicidade da convocatoria

As bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo oitava. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que o concello beneficiario declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo novena. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria a LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2024.

As entidades beneficiarias das axudas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Vixésima. Publicidade

A colaboración do organismo provincial deberá constar en toda a publicidade (impresa, informática ou audiovisual) das actividades ou dos investimentos subvencionados e na páxina web mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.

Así mesmo, deberase acreditar, xunto coa xustificación, a realización da citada publicidade. O manual de imaxe corporativa poderá consultarse na páxina web <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á perda da subvención.

Anexo I. Contías máximas dispoñibles

AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA 2024

Concellos de 5.000 habitantes ou menos*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Agolada	8.000,00 €	4.300,00 €	12.300,00 €
Arbo	8.000,00 €	4.300,00 €	11.800,00 €
Barro	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
Campo Lameiro	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
Catoira	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Covelo	8.000,00 €	4.300,00 €	12.300,00 €
Crecente	8.000,00 €	4.300,00 €	12.300,00 €
Cuntis	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Dozón	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
Forcarei	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €

Fornelos de Montes	8.000,00 €	4.300,00 €	12.300,00 €
Illa de Arousa, A	5.000,00 €	2.800,00 €	7.800,00 €
Lama, A	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
Meis	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Mondariz	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
Mondariz-Balneario	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Moraña	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Neves, As	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
Oia	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Pazos de Borbén	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €
Pontecesures	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Portas	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Rodeiro	7.000,00 €	3.800,00 €	10.800,00 €

*Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE), 2022

Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Cañiza, A	9.100,00 €	4.700,00 €	13.800,00 €
Caldas de Reis	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
Cerdedo-Cotobade	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
Meaño	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
Ponte Caldelas	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
Ribadumia	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
Rosal, O	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
Salceda de Caselas	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
Silleda	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
Soutomaior	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
Valga	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
Vila de Cruces	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €

Vilaboa	7.700,00 €	4.100,00 €	11.800,00 €
---------	------------	------------	-------------

*Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE), 2022

Concellos de entre 10.001 e 15.000 habitantes*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Baiona	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
Bueu	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
Cambados	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
Gondomar	8.400,00 €	4.400,00 €	12.800,00 €
Grove, O	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
Guarda, A	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
Salvaterra de Miño	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
Tomiño	8.800,00 €	4.500,00 €	13.300,00 €
Vilanova de Arousa	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €

*Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE), 2022

Concellos de entre 15.001 e 20.000 habitantes*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Moaña	9.350,00 €	4.700,00 €	14.050,00 €
Mos	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €
Nigrán	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €
Poio	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €
Sanxenxo	9.200,00 €	4.600,00 €	13.800,00 €
Tui	9.350,00 €	4.700,00 €	14.050,00 €

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE), 2022

Anexo II. Rangos de referencia establecidos para a repartición da puntuación e as contías máximas da subvención

PUNTUACIÓN	1	2	3	4
Índice de dependencia global	< 58,5 %	58,6 - 71 %	71,1 % - 83,5 %	> 83,6 %
Taxa de desemprego	< 5,7 %	5,8 - 8,5 %	8,6 % - 11,2 %	> 11,3%
Renda dispoñible bruta	> 16.901 €	14.201 - 16.900 €	11.501 - 14.200 €	< 11.500 €

Puntuación de indicadores sociais	POBOACIÓN			
	< 5.000	5.001 - 10.000	10.001 - 15.000	15.0001 - 20.000
3 - 5	7.800 €	10.800 €	12.800 €	13.800 €
6 - 7	9.300 €	11.800 €	13.300 €	14.050 €
8 - 9	10.800 €	12.800 €	13.800 €	14.300 €
10 - 12	12.300 €	13.800 €	14.300 €	14.550 €

Anexo III. Indicadores en cifras e puntuación acadada por cada concello

Concello	Índice de dependencia global	Puntuación	Taxa de desemprego	Puntuación	Renda dispoñible bruta (2020)	Puntuación	Total
Agolada	89,48%	4	6,6%	2	11.157 €	4	10
Arbo	71,44%	3	11,8%	4	10.890 €	4	11
Baiona	51,89%	1	7,8%	2	17.148 €	1	4
Barro	58,74%	2	8,6%	3	13.783 €	3	8
Bueu	55,74%	1	7,9%	2	14.238 €	2	5
Caldas de Reis	55,38%	1	7,9%	2	12.769 €	3	6
Cambados	51,65%	1	7,7%	2	14.931 €	2	5
Campo Lameiro	72,98%	3	7,7%	2	12.739 €	3	8
Cañiza, A	75,44%	3	10,1%	3	8.786 €	4	10
Catoira	55,41%	1	8,2%	2	13.874 €	3	6
Cerdedo-Cotobade	77,54%	3	8,6%	3	12.060 €	3	9
Covelo	77,90%	3	10,7%	3	9.485 €	4	10
Crecente	84,32%	4	11,4%	4	9.624 €	4	12
Cuntis	68,41%	2	8,3%	2	14.133 €	3	7
Dozón	90,98%	4	3,4%	1	9.875 €	4	9
Forcarei	95,78%	4	5,9%	2	11.875 €	3	9
Fornelos de Montes	77,47%	3	14,0%	4	11.924 €	3	10
Gondomar	47,79%	1	7,7%	2	15.942 €	2	5
Grove, O	52,82%	1	7,3%	2	13.607 €	3	6
Guarda, A	54,51%	1	7,9%	2	13.274 €	3	6
Illa de Arousa, A	50,68%	1	5,5%	1	13.572 €	3	5
Lama, A	72,11%	3	8,2%	2	10.426 €	4	9
Meaño	60,79%	2	6,9%	2	12.946 €	3	7
Meis	60,16%	2	7,7%	2	13.249 €	3	7
Moaña	52,76%	1	9,3%	3	14.570 €	2	6
Mondariz	66,92%	2	12,0%	4	12.000 €	3	9

Mondariz-Balneario	58,38%	1	9,2%	3	11.974 €	3	7
Moraña	60,72%	2	7,9%	2	12.374 €	3	7
Mos	52,08%	1	7,8%	2	14.359 €	2	5
Neves, As	66,71%	2	12,9%	4	12.515 €	3	9
Nigrán	52,34%	1	7,2%	2	19.535 €	1	4
Oia	63,53%	2	8,4%	2	12.672 €	3	7
Pazos de Borbén.	64%	2	11,3%	4	12.333 €	3	9
Poio	51,56%	1	7,6%	2	16.089 €	2	5
Ponte Caldelas	62,98%	2	10,5%	3	11.735 €	3	8
Pontecesures	46,40%	1	8,6%	3	14.731 €	2	6
Portas	62,52%	2	8,4%	2	12.902 €	3	7
Ribadumia	56,86%	1	5,9%	2	13.063 €	3	6
Rodeiro	81,21%	3	4,3%	1	9.768 €	4	8
Rosal, O	55,86%	1	8,8%	3	12.892 €	3	7
Salceda de Caselas	49,45%	1	8,7%	3	13.809 €	3	7
Salvaterra de Miño	57,15%	1	9,6%	3	12.559 €	3	7
Sanxenxo	56,16%	1	5,9%	2	15.120 €	2	5
Silleda	63,47%	2	5,6%	1	13.401 €	3	6
Soutomaior	51,13%	1	9,6%	3	14.005 €	3	7
Tomiño	51,66%	1	8,7%	3	12.987 €	3	7
Tui	52,95%	1	8,9%	3	13.361 €	3	7
Valga	54,25%	1	7,8%	2	13.107 €	3	6
Vila de Cruces	74,94%	3	6,5%	2	11.956 €	3	8
Vilaboa	74,35%	3	7,1%	2	14.476 €	2	7
Vilanova de Arousa	59,70%	2	8,6%	3	13.408 €	3	8

Fonte: ^{a)} Instituto Galego de Estatística 2022

^{b)} A taxa de paro é o resultado de dividir o número de persoas desempregadas entre a poboación en idade de traballar (de 16 a 67 anos).